

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 14:06:49

SAIDA

4369/19



Reclamante:




Expediente. Nº **RSCTG 035/2019**


Correo electrónico:



ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 18/02/2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18/02/2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, unha reclamación contra a resolución da Alcaldía do Concello de Redondela de 14 de febreiro de 2019, pola que se rexeita a súa solicitude de acceso información da licenza de actividade ou, no seu caso de comunicación previa, ou cambio de titularidade e documentación acreditativa do cumprimento da normativa aplicable en materia de ruídos e vibracións do local sito na rúa Pai Crespo, 5 do Concello de Redondela

O reclamante indicaba a súa disconformidade coa resolución do Concello de Redondela, por entender inaplicable a Lei de do solo de Galicia en substitución da lei 1/2016, como se desprende da resolución, polo que solicita á Comisión a anulación da resolución para posibilitar o seu dereito de acceso á información solicita.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude, da resolución da Alcaldía do Concello de Redondela do 14 de febreiro de 2019 e copia do seu DNI.

Segundo. Con data 19/02/2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Redondela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 22 de febreiro de 2019

Terceiro. Con data 27 de febreiro de 2019 o Concello de Redondela contesta a petición remitindo un informe da Técnica de Administración Xeral adscrita a urbanismo do 12 de febreiro de 2019, e copia dos expedientes 5833/18, 6860/18 e 593/19.

Neste informe, en resumo, indícase que o interesado solicitou acceso, sen acreditar a súa condición de interesado, á información que obra nos expedientes administrativos de actividade para café-bar núm. 5833/2018 (licenza actividade Anexo III c/ espectáculos) e núm. 6860/2018, de comunicación previa de cambio de titularidade actividades do local sito na rúa Pai Crespo nº 5 do Concello de Redondela.

Os referidos expedientes están en tramitación, polo que se solicitou ao [REDACTED] que acreditase a súa condición de interesado no expediente, e dado que non o acreditou, rexeitouse a súa solicitude, entendendo que de acordo co disposto no artigo 13.d da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a normativa en materia de transparencia, unicamente ten dereito de acceso aos expedientes administrativos que estean finalizados, polo que procede rexeitar a solicitude do interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión



da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.



Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que o Concello de Redondela notificou a resolución con data do 15 de febreiro de 2019 e o interesado presentou a súa reclamación con data do 18 do mesmo mes, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo. que debemos considerar a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente.

O interesado presentou ante o Concello de Redondela unha solicitude de acceso á licenza de actividade ou, no seu caso de comunicación previa, ou cambio de titularidade e documentación acreditativa do cumprimento da normativa aplicable en materia de ruidos e vibracións dun local do Concello de Redondela, sendo rexeitada a solicitude, por tratarse dun expediente que non está finalizado e no que o solicitante non ten a condición de interesado.

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a lei consagra é todo contido ou

documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións.

O artigo 18.1.a) da Lei 19/2013, establece como causa de inadmisión dunha solicitude de acceso á información pública, o feito de que se refira a información que está en curso de elaboración ou de publicación xeral. Este artigo, permite inadmitir unha solicitude referida a unha información que aínda non estea elaborada, pero non se debe confundir *información en curso de elaboración con expediente finalizado*: debe darse acceso a un documento que forme parte dun expediente, aínda que o expediente non estea finalizado, sen que a Administración poida, en base ao citado artigo, denegar o acceso ao documento que se solicita.

No presente caso solicitouse a licenza de actividade ou, no seu caso a comunicación previa ou cambio de titularidade do local, polo que non existindo aínda a licencia, non é posible darlle acceso ao solicitante.

Si existe sen embargo a comunicación previa de cambio de titularidade e a documentación xustificativa do cumprimento da normativa de ruídos, polo que, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e coa apertura do prazo de alegacións que establece o artigo 19.3 da mesma Lei se procede, debe proporcionárselle ao solicitante, aínda que o expediente non este concluído.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA


Primeiro: Estimar a parcialmente a reclamación presentada por D. [REDACTED] con data 18 de febreiro de 2019, no senso establecido no fundamento xurídico quinto desta resolución, contra a denegación mediante resolución da Alcaldía do Concello de Redondela de 14 de febreiro de 2019, da súa solicitude de acceso información da licenza de actividade ou, no seu caso de comunicación previa, ou cambio de titularidade e documentación acreditativa do cumprimento da normativa aplicable en materia de ruídos e vibracións do local sito na rúa Pai Crespo, 5 do Concello de Redondela

Segundo: Instar ao Concello de Redondela, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Redondela, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019


Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia